


UN PERCORRIDO POLAS MONTAÑAS GALEGAS: SERRAS ORIENTAIS



Macho de pita do monte.



Piornedo.

SERRA DOS ANCARES

O cume máis alto da serra é o Cuiña (1.987 m), en León. Na parte galega o máis alto é o Mostallar, na fronteira, con 1.924 m.

Ten un gran interese xeolóxico, biolóxico e etnográfico.

Na partes altas da serra dos Ancares consérvanse vales de orixe glaciár nos que se poden observar diferentes mostras das glaciacións (morrenas, vales en forma de artesa), como no Val de Tres Bispos, val de Bous en Piornedo, Cancelada, Suárbol... Nas zonas baixas dos vales e até os 1.500 m de altitude medran bosques caducifolios de enorme valor ecolóxico. A flora ten un gran valor ecolóxico (hai 20 endemismos de plantas da área cantábrica).

A Fauna é moi variada e conta con moitas especies en perigo, entre as que destaca o oso pardo, a pita do monte (posiblemente xa desaparecida), o pito negro, a lebre de piornal, o bufo real, a charrela...

SERRA DO POZO

O monte máis alto é o Panda con 933 m. En Cubilledo atópase a fervenza de San paio, no río Eo, e en Estornín unha fragas autóctonas moi ben conservadas. Accedese desde O Cádavo ou Fonteó (Baleira).



Fragas de Estornín, nas abas leste da serra do Pozo

SERRA DO BRAÑAL

O punto máis alto é o Penedo de Murias, con 1.027 m. Ten un gran interese etnográfico (Brañas de Pan de Zarco), xeolóxico (penedos, fervenzas, canón do Rao) e ecolóxico.

Accedese desde Navia de Suarna ou desde os Ancares, por Pan de Zarco.



Penedo de Murias de Rao.



Vista da zona de Murias de Rao. De esquerda a dereita: o canón do Rao, a serra do Brañal co Penedo de Murias e a serra de Airelos.

MONTE RESTELO

É o cume (1.013 m) dun sistema de serras radiais que perden altura cara ao vales do Navia e o Suarna. Pola súa posición é un magnífico mirador sobre as serras dos Ancares, A Fonsagrada e Becerreá.

Accedese desde a estrada de Navia de Suarna a Fonsagrada no desvío de Louzas.



Vista desde o cume do Restelo cara ao norte: serras Maloura, Lastra, Hospital e Follabal.



Penarubia, con 1.826 m. Nas súas abas consérvanse unhas das mellores fragas de Galiza (bosques de Brego e Fieiro) e a lagoa de Ferrón.

Forma parte do LIC “Ancares-Courel” Pódese acceder desde Navia de Suarna, Becerreá, Pedrafito do Cebreiro ou Ambasmestas.

O avesedo de Donís foi o bosque máis grande de Galiza. Durante moitos anos talose madeira de carballo e carba, para as travesas de ferrocarril e a construción naval.



Interior dun bosque de acivros en Cabana Vella, no val do rego da Vara.



Vista xeral dos Ancares desde Becerreá.



O Mostallar.